XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I. E. S. FERNANDO ESQUÍO
Empedrón 16. 15572 Neda (A Coruña)
e-mail: ies.fernando.esquio@edu.xunta.es
Tfno.: 881930387 Fax: 881930397

FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*

# Département de Français

# PROXECTO DIDÁCTICO
# DO
# DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

## *Curso 2022-2023*

# ÍNDICE


| | |
|---|---|
| A. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. | 4 |
| B. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES. | 5 |
| C. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO. | 8 |
| D. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE. | 9 |
| E. SECUENCIACIÓN E TEMOPORALIZACIÓN. Grao mínimo de consecución para superar a materia. | 17 |
| F. CONCRECIÓN METODOLÓXICA QUE REQUIRE A MATERIA | 28 |
| G. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR. | 29 |
| H. CONTIDOS | 29 |
| I. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO: ENSINO PRESENCIAL E NON PRESENCIAL. (Nº e tipo de exames, probas, tarefas que se van realizar. Establecer cómo se calcula a cualificación de cada avaliación e a cualificación final. O sistema de recuperación das probas suspensas). | 36 |
| J. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. | 48 |
| K. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. | 61 |
| L. AVALIACIÓN INICIAL | 62 |
| M. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. | 62 |
| N. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO QUE CORRESPONDAN. | 62 |
| O. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS. | 64 |
| P. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓNS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. | 64 |
| Q. ENSINANZA ONLINE | 65 |
| R . INFORMACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO. | 66 |

## DATOS XERAIS

**Composición do Departamento e grupos nos que se imparte a materia.**

O Departamento de Francés do ***IES Fernando Esquío* de Neda** está formado pola profesora Alicia Díaz Jublin e por Maria Ozema Mirabal Montero.



As **materias e niveis** nos que imparte clase son os que a continuación se sinalan: (en todos os grupos a docencia é asumida por Alicia Díaz Jublin agás 1ºESO B que imparte a materia Carmen Ozema Mirabal).

Nesta parte da programación constan só os cursos pares, non afectados polo cambio á LOMLOE.

1º ESO:

1º ESO A: imparte a materia Carmen Ozema Mirabal

1º ESO B:

2º ESO: dous grupos 2º ESO A 2º ESO B

3º ESO: dous grupos 3º ESO A 3º ESO B

4º ESO: un grupo formado por alumnado de 4ºESO A e 4º ESO B

1 Bac: un único grupo

# A INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## DESCRICIÓN DA MATERIA

As linguas constitúen un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. As linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social.

Por outra banda, o aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextosde comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido.

As linguas estranxeiras, son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

## CONTEXTUALIZACIÓN

O IES *Fernando Esquío* está situado no concello de Neda, concello ribeirán do fondo da ría de Ferrol. O concello limita ao norte con Narón, ao sur con Fene e A Capela e ao leste con San Sadurniño.
A principal vía de comunicación é a AP 9 que fai a súa entrada cara a Ferrol por este concello. A distancia a Ferrol é de 9 quilómetros e á Coruña, 49.
Características do alumnado: nivel social medio-baixo. Zona: periférico-rural.





## B **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave no currículo.

B.1 Comunicación lingüística (CCL).
B.2 Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
B.3 Competencia dixital (CD).
B.4 Aprender a aprender (CAA).
B.5 Competencias sociais e cívicas (CSC).
B.6 Sentido de iniciativa e espíritu emeprendedeor (CSIEE).
B.7 Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en **cinco bloques** que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

**COMPETENCIAS CLAVE (*para tódolos cursos*):**

A LOMCE lembra que o Consello Europeo reunido en Barcelona en 2002 recolle entre as súas conclusións a necesidade de coordinar esforzos a favor dunha economía competitiva baseada no coñecemento, e insta os Estados membros da Unión Europea a desenvolver accións educativas conducentes á mellora do dominio das competencias clave, en particular mediante o ensino de polo menos dúas linguas estranxeiras desde unha idade moi temperá. No mesmo sentido, e en relación coa aprendizaxe ao longo da vida, o Consello de Europa sinala que a finalidade da educación lingüística no mundo de hoxe non debe ser tanto o dominio dunha ou máis segundas linguas tomadas illadamente, como o desenvolvemento dun perfil plurilingüe e intercultural integrado por competencias diversas en distintas linguas e a diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades cambiantes do individuo. Así, para fomentar e facilitar a construción dun repertorio plurilingüe e intercultural, os currículos das etapas da ESO e do Bacharelato inclúen, con carácter específico, a materia de segunda lingua estranxeira. Seguindo o sistema descritivo do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), o currículo de segunda lingua estranxeira correspondente a estas etapas recolle os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables que articularán a materia, co fin de que o alumnado poida desenvolver no segundo idioma que escollese, en sinerxía cos ensinos da segunda lingua estranxeira na etapa de Educación Primaria, as competencias clave que lle permitan desenvolverse no devandito idioma con sinxeleza, pero con suficiencia, nas situacións máis habituais en que poida atoparse nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional. De modo que a competencia de comunicación en lingua estranxeira é de seu unha competencia clave.

Pero, pola súa propia natureza, a materia de lingua estranxeira permite, de maneira

transversal, axudar ao desenvolvemento das demais competencias clave e contribuír ao desenvolvemento dos alumnos como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. As competencias garantirán a aprendizaxe ao longo de toda a vida das persoas, cuxo proceso non debe deterse nas etapas obrigatorias da súa educación.
Segundo a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, identificáronse as seguintes competencias:

**Comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Con distinto nivel de dominio e formalización especialmente en lingua escrita, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunha delas e así enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Igualmente, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sustentabilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A iso contribúen a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social. As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan a cidadáns responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar, basicamente, para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá –persoal e social– analogamente a como se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

**Competencia dixital**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, e a inclusión e participación na sociedade. Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital. Require de

coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva ao coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e ao procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

**Aprender a aprender**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia.

Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe. En segundo lugar, en canto á organización e xestión da aprendizaxe, a competencia de aprender a aprender require coñecer e controlar os propios procesos de aprendizaxe para axustalos aos tempos e ás demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónoma.

**Competencias sociais e cívicas**

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, por tanto, de axuntar o interese por profundar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público como privado, e preparar as persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral en que se moven as persoas, e permítelles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados. A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, e contribúe así á cultura do emprendemento. Neste sentido, a súa formación debe incluír coñecementos e destrezas relacionados coas oportunidades de carreirae o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así como o desenvolvemento de actitudes que leven un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incerteza.

**Sensibilidade e expresións culturais**

A competencia en sensibilidade e expresións culturais implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

## C CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

Os obxectivos son os logros que o alumnado debe alcanzar ó finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias dá ensinanza e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obligatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no repeto as demáis persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres, como valores común dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b Desenvolver e consolidar hábitos de disciñina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas do aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c Valorar e respectar a diferencia de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rechazar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rechazar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calqueira manifestación de violencia contra a muller.

d Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relación coas demáis persoas, así como rechazar a violencia, os prexuízos de calquer tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacíficamente os conflictos.

e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.

f Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisión e asumir responsabilidades.

h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e no castelán, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e doutras

persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran aportacións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m Coñecer e aceptar o funcionamento dó propio corpo e o de outras persoas, respectar as diferencias, afianzar os hábitos do cuidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte par favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o cuidado dos seres vivos e do medioambiente, contribuíndo á súa conservación e a súa mellora.
n Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellor, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interés e respecto cara o exercicio deste dereito.
o Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas que pertencen á comunidade lusófona.

## D – <u>CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE</u>

*Dado o carácter xeral dos estándares da materia tódolos estándares serán traballados ao longo de todo o curso.*

| Comp et. clave | 2º ESO **Estándares de aprendizaxe** |
|---|---|
| **DESTREZA: COMPRENSIÓN ORAL** | |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas e lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita. |
| CCL<br>CD<br>CCEC<br>CAA | SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. |
| CCL<br>CD<br>CCEC<br>CAA | SLEB 1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. |
| CCL<br>CAA<br>CD<br>CCEC | SLEB 1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. |
| **DESTREZA: EXPRESIÓN ORAL** | |
| CSIEE<br>CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. |
| CCL<br>CD<br>CCEC<br>CAA | SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. |
| CCL<br>CD<br>CCEC<br>CAA | SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. |
| CCL<br>CD<br>CCEC<br>CAA | SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar |
| CCL<br>CD<br>CCEC<br>CAA | SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas da lingua estranxeira no proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC | SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. |
| CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente |
| **DESTREZA: COMPRENSIÓN ESCRITA** | |
| CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE | SLEB.3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC | SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. |

| | |
|---|---|
| CCL<br>CAA<br>CCEC | SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. |
| | **DESTREZA: EXPRESIÓN ESCRITA** |
| CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE | SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. |
| CCL<br>CAA<br>CD<br>CCEC | SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas da lingua estranxeira no proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. |
| CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente |
| CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | SLEB.5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |

| Compet. clave | 4º ESO **Estándares de aprendizaxe** |
|---|---|
| **DESTREZA: COMPRENSIÓN ORAL** | |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCED | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipación do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. |
| CCL<br>CAA<br>CSC | SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. |
| CCL<br>CSC | SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) sempre que se fale amodo e con claridade. |
| CCL<br>CSC<br>CCEC | SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, a modo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. |
| **DESTREZA: EXPRESIÓN ORAL** | |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas de textos orais |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e exprese de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB 5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. |
| CAA<br>CCL<br>CSC<br>CCEC | SLEB 5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |

| DESTREZA: COMPRENSIÓN ESCRITA | |
|---|---|
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC | SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). |
| CAA<br>CCL<br>CSC<br>CCEC | SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. |
| **DESTREZA: EXPRESIÓN ESCRITA** | |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, se dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. |
| CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | SLEB 5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. |
| CAA<br>CCL<br>CSC<br>CCEC | SLEB 5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. |
| CCL<br>CAA<br>CSC | SLEB 5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesario, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. |

**E** SECUENCIACIÓN E TEMOPORALIZACIÓN.
Grao mínimo de consecución para superar a materia.

| 2º ESO | Estándares de aprendizaxe | Temporalización por avaliacións | | | Grao mínimo de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| **Comp. clave** | | **1ª** | **2ª** | **3ª** | |
| | **Bloque 1. Comprensión de textos orais** | | | | |
| CCL<br>CAA<br>CCEC<br>CD | SLEB 1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal,solicitudes de enderezo sinxelas e lugares moi oñecidos,etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado,e se repita se o necesita. | X | X | X | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | SLEB 1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula. | X | X | X | Proba pechada<br><br>(50% do valor da proba) |
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | SLEB 1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accions presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito. | | X | X | Proba pechada<br><br>(50% do valor da proba) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ | SLEB 1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais. | X | X | X | Proba pechada<br><br>(50% do valor da proba) |
| **Bloque 2. Producción de textos orais.** | | | | | |
| ▪ CSIEE<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EO-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | SLEB 2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comuns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EO-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | SLEB 2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EO-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | SLEB 2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar | | X | X | PLE-R2-CCL-EO-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | SLEB 2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. | | X | X | PLE-R2-CCL-EO1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| **Bloque 3. Comprensión de textos escritos** | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | SLEB.3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese. | | X | X | Proba pechada<br><br>(50% do valor da proba) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | SLEB 3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual. | X | X | X | Proba pechada<br><br>(50% do valor da proba) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | SLEB 3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade. | | X | X | Proba pechada<br><br>(50% do valor da proba) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia. | | X | X | Proba pechada<br><br>(50% do v<br><br>alor da proba) |
| **Bloque 4. Producción de textos escritos** | | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | SLEB 4.1. Elabora textos sinxeos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EE1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EE1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EE1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCEC | SLEB 4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EE1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.** | | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EO1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas da lingua estranxeira no proceso comunicativo oral he escrito (saúdos, despedidas, fórmulas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EE/EO1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EE/EO1<br><br>(5 de 10 puntos) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CCEC | SLEB 5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obra de teatro, etc.) nos que Se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | X | X | PLE-R2-CCL-EE1<br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | SLEB 5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesario, moi básicos e traballados previamente. | X | X | X | PLE-R2-CCL-EE1<br>(5 de 10 puntos) |

| 4º ESO | Estándares de aprendizaxe | Temporalización por avaliacións | | | Grao mínimo de consecución |
|---|---|---|---|---|---|
| Comp. clave | | 1ª | 2ª | 3ª | |
| | **Bloque 1. Comprensión de textos orais** | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | SLEB 1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CCED | facendo anticipación do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas. | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | SLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | X | X | X | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CCL<br>▪ CSC | SLEB 1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) sempre que se fale amodo e con claridade. | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, a modo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| | lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 2. Producción de textos orais.** | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas de textos orais | x | x | x | PLE-R4-CCL-EO-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e exprese de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | x | x | x | PLE-R4-CCL-EO1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito. | x | x | x | PLE-R4-CCL-EO-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta | x | x | x | PLE-R4-CCL-EO-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| | directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. | | | | |
| | **Bloque3. Comprensión de textos escritos** | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |
| ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu | x | x | x | PROBA PECHADA<br><br>(50% DO VALOR DA PROBA) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias | x | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CD | persoais, se dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de<br>xeito sinxelo. | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). | X | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas<br>de cortesía máis importantes. | x | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo<br>de textos, cunha presentación limpa e ordenada. | x | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe** | | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc), e utiliza con eficacia comunicativa patróns<br>básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases | x | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa | x | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ CD | respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir. | | | | |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD | SLEB 5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas. | x | x | x | PLE-R4-CCL-E0-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | SLEB 5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |
| ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | SLEB 5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesario, propios do seu nevel escolar e traballados previamente. | x | x | x | PLE-R4-CCL-EE-1<br><br>(5 de 10 puntos) |

## F CONCRECIÓN METODOLÓXICA

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do MARCO COMÚN EUROPEO DE REFERENCIA PARA AS LINGUAS, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementose as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar alingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamentetodos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán ao alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativalingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda sendo diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliables para cada conxunto de actividades lingüísticasna etapa respectiva.

Sendo conscientes de que a finalidade última de ensinar unha lingua estranxeira é poder utilizala para comunicar, adoitamos na nosa programación didáctica un enfoque principalmente baseado na comunicación e orientado cara a adquisición dunha dobre competencia comunicativa: respectiva e produtiva.
Aprender unha lingua implica tamén a adquisición dunha nova visión do mundo, un novo xeito de organizar a experiencia, polo que na nosa práctica docente daremos importancia os temas significativos da cultura, non soamente francesa, senón tamén francófona.
A organización da aprendizaxe seguirá unha progresión en espiral; a introdución de novos puntosgramaticais servirá para revisar e integrar os coñecementos anteriores co obxectivo de ter unhacomprensión global do funcionamento do sistema lingüístico francés.
Por outra banda, promoverase a aprendizaxe autónoma dos alumnos, favorecido entre outros factores pola auxe das novas tecnoloxías que permitirán o alumno entrar en contacto directo coa lingua obxecto de estudio en diferentes contextos (periódicos, chats, radio, televisión, cine,…).

Partindo do postulado de que nos interesa que os alumnos aprendan a comunicar en francés, deberemos crear na aula un clima de confianza e de tolerancia de forma que aumente a autoestima dos alumnos, e polo tanto, a participación activa en tódalas actividades e fomentaro interese e a motivación dos alumnos con temas e actividades suxestivos para eles.

## G MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Estes que a continuación figuran, son os libros de textos que se empregarán nos distintos niveis de ESO. Inclúen os seus correspondentes CD e material audiovisual de apoio para soporte dixital:

| NIVEL | LIBRO DE TEXTO |
|---|---|
| **2º curso ESO, segunda lingua** | ***Pluriel 2: Livre de l´élève et Cahier d´exercices* + CD + vidéos + coffret pour la classe. Editorial Santillana 2012.** |
| **4º curso ESO, segunda lingua** | ***Pluriel 3: Livre de l´élève et Cahier d´exercices* + CD + vidéos + coffret pour la classe. Editorial Santillana 2012.** |

## H.CONTIDOS

### CONTIDOS 2ºESO

-Unidade 0

Comunicación: Reactivar os coñecementos. Describir unha escena. Falar da volta á escola. Falar das súas actividades. Comunicar en clase.

Gramática: Os verbos ao presente. Faire du/de la/de l'/des. Jouer du/de la/de l'/des. Jouer au/à la/à l'/aux. Partículas interrogativas.

Léxico: Roupa e cores. O material escolar. Os números ata un millón.

Fonética: Revisión dos sons consoánticos e vogálicos e as entonacións de base.

-Unidade 1

Comunicación: Describir físicamente a unha persoa ou animal. Informarse sobre a identidade de alguén. Indicar a nacionalidade e o país. Expresar o que se sinte.

Gramática: C'est un/une…qui. Preposicións de lugar (cidades e países). Avoir mal au/à la/à l'/aux. Os verbos pouvoir e vouloir.

Léxico: Adxectivos de descrición. País e nacionalidades. As sensación de fame, sede e de medo.

Fonética: Os sons nasais.

-Unidade 2

Comunicación: Indicar un itinerario. Indicar cara onde se vai e de onde ven. Facer propostas, aceptar ou rechazar. Falar de proxectos inmediatos.

Gramática: Aller au/à la/à l'/aux. Venir du/de la/de l'/des. O futuro próximo. On=tout le monde.

Léxico: A cidade, lugares, itinerarios… Profesións. Actividades e pasatempos.

Fonética: Os sons [b], [v] e [f]. Os sons [œ] e [Ø].

-Unidade 3

Comunicación: Invitar a alguén, aceptar ou rechazar formalmente unha invitación. Expresar a posesión. Facer compras nunha tenda de alimentación. Explicar unha receita de cociña. Precisar unha cantidade.

Gramática: Os adxectivos posesivos (varios posedores). Je voudrais… (formal). Os pronomes COD co imperativo (afirmativo ou negativo). A cantidade.

Léxico: Compras e tendas de alimentación. Os alimentos. As receitas.

Fonética: Os sons [s] e [z].

-Unidade 4

Comunicación: Falar da casa, da súa habitación e dos seus obxectos persoais. Contar acontecimientos pasados.

Gramática: As preposicións de lugar con de. *Le passé composé* (formación e auxiliares).

Léxico: A casa. Habitacións, mobles, decoración. Expresións de lugar.

Fonética: Os sons [ʃ] e [s]. Os sons [ʃ] e [ʒ].

-Unidade 5

Comunicación: Facer unha comanda nun restaurante. Falar dos seus hábitos e da súa alimentación. Contar anécdotas do pasado.

Gramática: O pronome en. *Le passé composé* (participios pasados en [e], [i] e [y]).

Léxico: Os utensilios da mesa. Expresións de tempo (frecuencia). Os alimentos.

Fonética: Os sons [y], [u] e [i].

-Unidade 6

Comunicación: Falar das estacións do ano, do tempo que fai. Informarse e dar informacións precisas sobre un animal. Facer comparacións. Falar do futuro.

Gramática: O comparativo e o superlativo. O futuro simple (formación e verbos irregulares). Os pronomes COD co presente e o futuro.

Léxico: As estacións do ano e a meteoroloxía. Os animais da sabana. Expresións de tempo (futuro).

Fonética: Os sons [k] e [g]. Os sons [d] e [t].

## CONTIDOS DE ESO

-Unidade 0

Comunicación: Medir onde se está en francés. Expresar emocións sentimentos e sensacións. Describir e comentar fotos. Despertar o corpo e o cerbro.

Gramática: Os tempos verbais do presente, *passé composé*, futuro simple e imperfecto (tanto no oral coma no escrito). O imperativo. A necesidade e a obriga.

Léxico: As emocións, sentimentos e sensacións. O corpo. Maquillaxe e disfraces.

Fonética: Revisión dos cursos anteriores.

-Unidade 1

Comunicación: Dar unha apreciación positiva dunha viaxe. Caracterizar calquera cousa de forma detallada. Construir un relato ao pasado. Contar a evolución dos hábitos.

Gramática: O *passé composé* e o imperfecto. Os pronomes relativos (qui, que, oû, dont).

Léxico : Os transportes. As cidades e os paises. O tempo e a frecuencia.

Fonética: Os sons [o] / [ɔ̃], [a] /[ã]. Os sons [p / [b], [t] / [d].

-Unidade 2

Comunicación: Falar do seu carácter. Describir a calquera. Expresar a apariencia.

Gramática: Os adxetivos dermostrativos e os pronome tónicos. Os pronomes posesivos. O discurso directo ao presente.

Léxico: Os rasgos de carácter. Os verbos introductores do discurso.

Fonética: Os sons [ʃ] / [f] / [s].

-Unidade 3

Comunicación: Coller reseñas, preguntar informacións precisas. Preguntar sobre o entorno. Falar das vantaxes e os incovenientes. Describir os diferentes momentos dunha acción. Facer hipotése.

Garmática: As diferentes formas de interrogacións. Os adxetivos e os pronomes interrogativos. Os momentos da acción (venir de, être en train de, aller).

Léxico: A metereoloxía, e certos fenómenos da natureza. As profesións. O medio ambiente e a ecoloxía.

Fonética: Os sons [f ]/ [v], [ʃ] / [ʒ], [s] / [z].

-Unidade 4

Comunicación: Protestar, defenderse dunha acusación. Falar da repartición das tarefas da casa. Expresar unha restricción. Dar consellos. Expresar a obriga.

Gramática: Destacar (C'est moi qui…/ C'est à moi de…). A restricción (ne … que). A formación do subxuntivo. A obriga e a prohibición (il (ne) faut (pas) que+ subxubtivo/ outras expresions co infinitivo.

Léxico : As tarefas da casa. A vida cotiá.

Fonética: Os sons [e] / [o] / [Ø]. O son [R].

-Unidade 5

Comunicación: Describir a calquera de xeito detallado. Marcar a dúbida antes de responder. Indicar unha acción anteriora outra no pasado. Expresar a causa.

Gramática: O perfecto perfecto. A expresión da causa (parce que et comme). Os pronomes demostrativos.

Léxico: Os adxetivos de descripción. As intrigas policiais.

Fonética: Os sons [ɛ] / [œ] / [ɔ].

-Unidade 6

Comunicación: Describir un obxeto. Negociar un precio. Falar de feitos ou de accións hipotéticas. Formular formalmente una pregunta. Expresar a finalidade e o dexexo.

Gramática: O condicional. Algúns empleos do subxuntivo.

Léxico: As características dos obxetos. A psicoloxía.

Fonética: Os sons [y] / [o] / [œ] / [ɘ] / [a].

## H.I CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DOALUMNADO

A avaliación está no corazón do currículo proposto pola LOMCE, como se desprende dapropia tipificación dos contidos: cada un dos catro bloques de contidos comprende, para cadaconxunto de actividades, os **criterios de avaliación** e os **estándares de aprendizaxe avaliables**entre os que existe unha relación non unívoca debido á especial natureza da actividade lingüística;isto supón que, para avaliar o grao de adquisición das diversas competencias necesarias para levara cabo as accións recollidas en cada un dos estándares de aprendizaxe, haberán de aplicarse todose cada un dos criterios de avaliación descritos para a actividade correspondente; á súa vez, dosestándares de aprendizaxe haberán de derivarse os correspondentes contidos competenciais(estratéxicos, socioculturais e sociolingüísticos, funcionais, sintáctico-discursivos, léxicos, fonético- fonolóxicos, e ortográficos) cuxo grao de consecución avaliarase aplicando os criterios respectivos.

Os contidos previstos concrétanse en criterios de avaliación, que son referentes específicospara avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguiren cada materia.

### Punto 1. Exames e probas:

1 Faranse, se fora posíbel, dous exames por escrito en cada avaliación.

2 Tratarse de que os alumnos fagan unha proba de expresión oral por trimestre: interacción e/ou monólogo. Esta proba será coñecida de antemán polos alumnos.

3 Haberá controis de puntos gramaticais como os verbos, etc (advertirase aos alumnos).

### Punto 2. Elaboración dos exames:

Cada exame de avaliación constará de preguntas variadas.

- exercicios de escoita, etc.
- Prohibición absoluta de emprego de móbiles, o profesor ou a profesora non debe velos en ningún momento.

### Punto 3. Nota de avaliación:

1 Farase a media dos exames escritos de avaliación. Esto será o 60% da nota final.

2 A nota de expresión oral constituirá o 10 % da nota final.

3 O traballo na aula que inclúe a participación e interacción en francés e a realización das tarefas constituirán o 30% da nota final.

### Punto 4. Traballo e participación durante as clases

Poderase penalizar coa baixada de 1 punto a nota de avaliación por incumprimento das normas seguintes:

**Participación na aula**:

- a participación na aula debe ser ordenada: mantendo as quendas de palabra para consultar o as dúbidas relacionadas coa materia e o silencio no resto do tempo.
- Todas as interaccións na aula deben ser en francés na medida do posible (pedir ir ao baño, desexarlle saúde cando unha persoa esbirra, etc)
- Respectar o silencio nas probas escritas e especialmente durante as probas orais para

non perxudicar ás persoas que precisan do silencio para concentrarse.

- Respectar ao resto das persoas da aula no seu proceso de aprendizaxe: os erros son parte do proceso.

**Traballo**:

- Traer o material necesario.
- Facer os exercicios e aprender as leccións

Punto 5. Cualificación final:
Para a nota final a porcentaxe é a seguinte:
nota da 1ª avaliación 20%
nota da 2ª avaliación 35%
nota da 3ª avaliación 45%
O alumno que non acade a media de 5, terá que examinarse da materia na proba final.

**ENSINANZA ON-LINE e SEMIPRESENCIAL. EXAMES. CUALIFICACIÓN.**

No caso de que por problemas da pandemia houbese que pechar algunha aula, mesmo o centro, empregaríanse os medios tecnolóxicos á nosa disposición para poder impartir as ensinanzas desta materia ao alumnado de lingua francesa.Os criterios de avaliación serían os mesmos que no ensino presencial.

- Prohibición de emprego de móbiles.
- Os alumnos e alumnas con cabelo longo deberán atalo: as orellas deben de estar

visiblesen todo momento.

- Cos exercicios que deban entregar, ocorrerá o mesmo, en canto á puntuación, que

no ensino presencial.

- Dependendo da tecnoloxía, e do seu funcionamento, faranse ou non exercicios de escoita.
- Os contidos serán os mesmos que no ensino presencial.

No ensino semipresencial, o alumno poidera ter unha enfermidade por accidente, operación… que non lle permita traballar na casa. O profesor ou profesora poñerase en contacto co alumno unha vez que se reincorpore, para facer o exame dos contidos estudados, exame que será distinto do dos outros alumnos; e tratará, coa axuda do profesor, de pórse ao día respecto dos contidos que estudaron os compañeiros. Os exames de ensino non presencial ou semipresencial, serán da mesma dificultade que osde ensino presencial, pero distinto

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ESO

**2º curso ESO, segunda lingua estranxeira**

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nosámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.7Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público),comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).
Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, asícomo patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).
Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patrónssintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temasxerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, ossignificados de palabras e expresións que se descoñecen.
Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os seus significados e as súas intencións comunicativas xerais.

**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara comopor teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagannecesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule.
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en formade monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulaciónou explicación de elementos.
Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos

socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máisimportantes nos contextos respectivos.
Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máiscomún para organizar o texto.
Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).
Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves,sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambiosen situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou mantera quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

**Bloque 3: Comprensión de textos escritos**
Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ouinformal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes emulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).
Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).
Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estruturainterrogativa para facer unha suxestión).
Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.
Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. >, %, ⌡), e os seus significados asociados.

**Bloque 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción**
Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máisfrecuentes.
Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.
Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectandoas normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.
Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máisfrecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar otexto escrito de maneira sinxela.
Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á

intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, econectores e marcadores discursivos moi frecuentes).
Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simplese directas en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regrasortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficasfrecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

**<u>4º curso ESO, segunda lingua estranxeira</u>**

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**
Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos
ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.
Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público),comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).
Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, asícomo patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).
Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patrónssintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temasxerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, ossignificados de palabras e expresións que se descoñecen.
Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**
Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara comopor teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagannecesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en formade monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulaciónou explicación de elementos.
Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máisimportantes nos contextos respectivos.
Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máiscomún para organizar o texto.
Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de

mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).
Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves,sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambiosen situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou mantera quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**
Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ouinformal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.
Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntosmáis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto,os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo,actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres,no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).
Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).
Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estruturainterrogativa para facer unha suxestión).
Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.
Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex., %, ⌡), e os seus significados asociados.

**Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción**
Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máisfrecuentes.
Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.
Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectandoas normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.
Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máisfrecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar otexto escrito de maneira sinxela.
Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, econectores e marcadores discursivos moi frecuentes).
Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simplese directas en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regrasortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficasfrecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

Os procedementos de avaliación a empregar son os que a continuación se detallan:

• A observación directa dos aumnos, tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e o interese que mostran ante a materia e no traballo, tanto individual como en grupo, e incluso nas postas en común.

• As preguntas que se fan durante as clases, tanto de lectura como de comprensión da mesma, a corrección das tarefas realizadas na aula ou fóra dela.

• A realización periódica da probas orais e escritas de naturaleza diferente, nas cales se avaliará a comunicación oral e escrita, e dicir, a adaptación a diversas situación comunicativas, a información correcta, a organización e a coherencia do discurso oral ou escrito.

Estas probas tamén permitirán verificar a calidade lingüística: erros gramaticais e lexicais, a entoación, a pronunciación…

As probas máis importantes son os exames que se realizarán ao longo de cada trimestre.
Para axudar ao profesor a cualificar a avaliación dos niveis de desempeño competenciais alcanzados polo alumnado contamos cósos indicadores de logro, para as catro competencias.

**Ferramentas para a avaliación**

Bloque I – Comprensión de textos orais

Bloque II – Produción de textos orais

Bloque III – Comprensión de textos escritos

Bloque IV – Produción de textos escritos

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

• Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

• Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.

• Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo,no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

• Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introducióndo tema, cambio temático e peche textual).

• Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

• Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

• Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

• Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiáns e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións

ou vacilacións,se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

• Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en forma de monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulaciónou explicación de elementos.

• Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementossocioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máisimportantes nos contextos respectivos.

• na redacción de textos moi breves en soporte dixital. Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

• Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e demecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

• Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opiniónsbreves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambiosen situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou mantera quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

• Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tantoen formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutroou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

• Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral,os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e detraballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes emulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

• Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativosá organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

• Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticasde uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

• Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

• Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así comoabreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. >, %, ⌡), e os seus significados asociados.

**Bloque 4. Produción de textos escritos**

• Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizandorecursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máisfrecuentes.

• Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de

estruturasimple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

- Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticosadquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.
- Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitualpara organizar o texto escrito de maneira sinxela.
- Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).
- Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás.

Coñecer eaplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes

## J. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

| ACTIVIDADE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|---|
| Planificación | • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.<br>• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.<br>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.<br>• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.<br>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.<br>• Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula. |
| | • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe<br>Coordínase co profesorado doutros departamentos. |


| ACTIVIDADE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|---|
| Planificación | • Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.<br>• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.<br>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.<br>• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.<br>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.<br>• Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula. |
| | • Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe<br>Coordínase co profesorado doutros departamentos. |

| | |
|---|---|
| Avaliación do proceso de ensino-aprendizaje | Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.<br>• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.<br>• Establece medidas que permitan introducir melloras.<br>Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.<br>• Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.<br>Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesión de traballo.<br>• Favorece os procesos de autoavaliación.<br>• Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. |

| | |
|---|---|
| | Dá a coñecer a planificación da práctica na aula proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos ede cada sesión de traballo .<br>• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.<br>• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.<br>• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novos.<br>• Fomenta un bo ambiente na aula.<br>• Promove a participación activa do alumnado.<br>• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.<br>• Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.<br>• Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos.<br>• Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novos que motiven ao alumnado. |
| Traballo na aula | Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.<br>• Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.<br>• Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.<br>• Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.<br>• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.<br>Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe |

## INDICADORES DE LOGRO PARA O ALUMNADO

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC | BLOQUE 2: Produción de textos orais: expresión e interacción | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
| 1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente. | CCL | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | CCL - CSC | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, en que establece contacto social, intercambia información e | CCL | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión, | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | | e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | patróns sonoros, rítmicos e de entoación. |
| 4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. ex. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | CLC - CSC | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES | CC | Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. ex. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. ex. nun centro de estudos). | CCL | Identifica con dificultade instrucións xerais, coa axuda da imaxe. | Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais. | Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais coa axuda da imaxe. | Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais. |
| 2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato en que se fala | CCL | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera | Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato | Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal | Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade |
| dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | | formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 3. Entende a idea xeral de correspondencia formal en que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. ex. sobre un curso de verán). | CCL | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | CCL | Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. |
| 5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL - CAA - CSC | Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |

| **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **CC** | **BLOQUE 4: Produción de textos escritos: expresión e interacción** | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| 1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. ex. para asociarse a un club internacional de mozos). | CCL - CAA | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando sen dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando case na súa totalidade os datos ou outro tipo de información persoal. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta máis importantes. | CCL - CD | Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas. | Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas. |
| 3. Escribe correspondencia persoal breve en que se establece e mantén o contacto social (p. ex. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (p. ex. cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans). | CCL | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observa as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. | CCL - CSC | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | cc | BLOQUE 1: Comprensión de Textos Orais | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| 1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. e. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. | CCL | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con algunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara sen ningunha dificultade e con necesidade de repeticións. | Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara sen ningunha dificultade e sen necesidade de repeticións. |
| 2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. e. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos). | CCL | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e sen necesidade de repetición. | Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas e sen necesidade de repetición. |
| 3. Comprende, nunha conversación informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular. | CCL - CAA | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4. Comprende, nunha conversación formal na que participa (p. e. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. | CCL | Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición. | Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos. |
| 5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. e. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe. | CAA | Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións. | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de polo menos un destes apoios: visual, xestos ou repeticións | Sabe identificar o sentido global e as informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC | BLOQUE 2: Produción De Textos Orais: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **INDICADORES DE LOGRO** | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guion escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido se se articulan clara e lentamente. | CCL | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guion escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guion escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guion escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guion escrito, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o seu contido dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | CCL<br>-<br>CSC | Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |
| 3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | CCL | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. | Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns sonoros, rítmicos e de entoación adecuados. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. e. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. | CLC - CSC | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos. | Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos. |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLE | CC | Bloque 3: Comprensión de textos escritos | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | | En vías de adquisición | Adquirido | Avanzado | Excelente |
| 1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. e. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. e. nun centro de estudos). | CCL | Identifica con dificultade instrucións xerais, con axuda da imaxe. | Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais. | Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais con axuda da imaxe. | Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | CCL | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 3. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se lle informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. e. sobre un curso de verán). | CCL | Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. | Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos breves e sinxelos escritos de temas familiares ou da súa contorna. |
| 4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. | CCL | Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. | Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema. |
| 5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. e. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL<br>-<br>CAA<br>- | Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do | Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. | Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | CSC | sentido global e información esencial do texto. | | | |

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | CC | BLOQUE 4: Produción de Textos Escritos: Expresión e Interacción | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | INDICADORES DE LOGRO | | | |
| | | **En vías de adquisición** | **Adquirido** | **Avanzado** | **Excelente** |
| 1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións (p. e. para asociarse a un club internacional de mozos). | CCL - CAA | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando con algunha dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando sen dificultade os datos ou outro tipo de información persoal. | Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa os seus intereses ou afeccións marcando case na súa totalidade os datos ou outro tipo de información persoal. |
| 2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía e da netiqueta máis importantes. | CCL - CD | Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas. | Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas. | Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas. |
| 3. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (p. e. con amigos noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan | CCL | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ofrecementos e suxestións (p. e. cancelan, confirman ou modifican unha invitación ou uns plans). | | | | | |
| 4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, e observando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos. | CCL - CSC | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado pero con dificultade. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado. | Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade. |

## K_ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO E RECUPERACIÓN

Para aqueles alumnos con dificultades nesta lingua e que non acaden o aprobado nas distintas probas, poderanse entregar exercicios de reforzo e, ás veces, ensinalos a estudar esta lingua porque, ao parecerse, sobre todo na escrita, ao galego e ao castelán, estes alumnos non fan o esforzo necesario. Hai aspectos gramaticais e fonéticos que non queda máis remedio que estudalos moi ben, mesmo de memoria e non empezar a estudar o día anterior ao exame porque non é útil.

**Para os alumnos coa materia pendente:**

Farán un exame por trimestre e daránselles os contidos en man (e nunha copia deberán asinar que os recibiron, así como as datas e hora das proba); ademáis, serán publicitados/as na *Aula Virtual*. O exame do 1º trimestre suporá o 30% da nota, o 2º un 35% e o 3º outro 35%da nota final. O profesor ou a profesora estará a súa disposición para todas as dúbidas que teñan.

## L. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial permite ao profesor establecer o perfil da clase e axustar o proxecto pedagóxico. A principio de curso, a profesora fará unha proba diagnóstica para coñecer o nivel dos alumnos en 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO

## M.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No caso de haber alumnos con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motóricos, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos pola profesora do departamento. Dependendo de cada caso, levarase unha atención individualizada (reforzos educativos) ou se elaborarán programas específicos de intervención.

## N CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Na materia de lingua francesa trabállanse principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en todos os temas, pero tamén se traballa a comunicación audiovisual e as TIC, a través de presentacións de gramática mediante animacións, o uso da web para material de audio, vídeo, a versión de libros dixitais e a consolidación da aprendizaxe a travésde actividades interactivas.
Tamén se traballa o emprendemento: as actividades de producción oral permiten ós alumnosexpresar a súa opinión personal, escoitar a outros alumnos e facelos reflexionar.

Foméntase asimesmo a educación cívica e constitucional, xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario. Foméntase tamén o respecto polos costumes propios e por distintos estilos de vida doutros países. Por outra banda, o noso departamento participará en tódalas actividadesque o centro promova para a prevención da violencia de xénero ou calquera forma de violencia, manifestación racista ou xenófoba.
Os temas transversais están presentes en todas as actividades que se levan a cabo. Ademáiso manual elexido trátaos nas diferentes unidades.

Durante o curso escolar, celebraranse, como mínimo, as seguintes commemoracións:

- 20 de novembro : *Día Universal da Infancia.*
- 25 de novembro : *Día Internacional contra a Violencia de Xénero..*
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de: *conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.*
- 3 de decembro : *Día Internacional das Persoas con Dicapacidade.*
- 10 de decembro: *Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.*
- 24 de xaneiro: *Día internacional da Educación.*
- 30 de xaneiro: Día escolar da non violencia e da paz.
- 8 de marzo: *Día Internacional da Muller.*
- 15 de marzo: *Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.*
- Do 8 ao 12 de marzo: *Semana da Prensa. Un destes días traballarase na aula conxornais (franceses na nosa materia):*
- 7 de abril: *Día Mundial da Saúde.*
- Entre o 19 e o 23 de abril: *Semana do libro.*
- 2 de maio: *Día internacional contra o Acoso Escolar*.
- 9 de maio: *Día de Europa.*
- Do 10 ao 14 de maio: *Semana das Letras Galegas.*
- 5 de xuño: *Día Mundial do Medio Ambiente.*

De conformidade co establecido no artigo 26.2 de la Lei 2/2014, 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia, para favorecer visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo- sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas as datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito de estas personas.

Cando alguna das datas as que se refiren os puntos anteriores sexa sábado, domingo ou festa, a correspondente conmemoración celebrarase o día letivo inmediatamente anterior ou posterior, según establezca a programación xeral anual de cada centro.

As datas as que se refire os puntos 1 y 2 son lectivas a todos os efectos e nelas oscentros deberán organizar actividades diversas, tendentes a destacar a importancia das conmemoracións mencionadas.

Non se poden traballar todas estas commemoracións na nosa materia porque con dúas sesións semanais non se dispón de tempo. Todas son interesantes, pero tamén se tratarán noutras materias. No meu departamento, independentemente dos contidos dos manuais, porase

énfase nas seguintes, se ben, non todas coinciden coas da Consellería:

- Antes das *vacacións de Nadal*: tradicións francesas destas datas. *Noël* et *Les marchés de Noël*.
- 2 de febreiro: *La Chandeleur.*
- Do 8 ao 12 de marzo: Semana da prensa. Os alumnos elixirán artigos de xornais ou revistas on-line.
- O 1º de abril Poisson d'Avril
- O 1º de maio, día dos traballadores, os alumnos buscarán en Internet artigos relacionados có *muguet*, có que se agasalla nesta data e que din que "*porte bonheur* ".
- Na semana das *Letras galegas* procurarase traballar a redor da figura dun escritor francés ou dunha escritora francesa.

## O ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Ao longo do curso realizaranse diversas actividades complementarias relacionadas coa cultura francesa como acudir a ver unha película en francés, escoitar a un contacontos, etc

## P MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

No departamento farase un seguimento mensual do cumprimento da programación e dependendo dos resultados deste seguimento, levaranse a cabo as modificacións oportunas. Ospropios alumnos tamén poden participan nesta tarefa facendo as súas suxestións.

Os criterios de avaliación da PD son polo tanto:

P.a Cumprimento da PD.
P.b Respeto xeral dos diferentes puntos da PD.
P.c Coherencia entre a PD e os obxectivos que debemos acadar.
P.d Coherencia dos contidos mínimos esixibles.
P.e Pertinencia e adaptación do método pedagóxico.
P.f Eficacia da metodoloxía.
P.g Calidade e coherencia dos recursos propostos.

## Q ENSINANZA ON-LINE

No caso de que por problemas da pandemia houbese que pechar algunha aula, mesmo o centro, empregaríanse os medios tecnolóxicos á nosa disposición para poder impartir asensinanzas desta materia ao alumnado de lingua francesa.Os criterios de avaliación serían os mesmos que no ensino presencial.

## R INFORMACIÓN DA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO:

Noutro arquivo, figura o que se preparou para informar da *Proxecto didáctico* ao alumnado de lingua francesa e as actividades complementarias e extraescolares dun xeito máis pormenorizado. Tívose en conta toda aquela información que é do seu máximo interese e, sobre todo, de fácil comprensión para eles. Tratouse de que fora visualmente atractiva.

Informaráselles que o Proxecto didáctico, na súa totalidade, figurará na *Aula virtual* no apartadoDepartamento de Francés.

Nesta presentación, que se fará no taboleiro dixital, trataranse os seguintes puntos:

En Neda, a 15 de setembro de 2022